

# Ardora

(s)edições anarquistas



nº1



A estratexia do caracol .....	5
Reflexons sobre a cidade .....	10
Por que tanta hostia? .....	15
Contra o círculo vicioso do jihadismo e a dereita .....	17
Nom som Bosques que som Cultivos .....	19
O caso dos assaltos em Aachen .....	22
Mulheres como botim de guerra .....	26
Epifanías Libertarias Vol. 2:	
California, Apátrida Galega 2017 .....	28
Nengum reconhecemento .....	32
Breves .....	34
Chora et labora .....	34
O esforço .....	35


---

Esta publicación foi maquetada e impresa nalgum lugar de Compostela, em Agosto de 2017.

O colectivo nom tem por que partilhar todas as opinións aquí expostas, a intención destas folhas é fomentar o debate e o pensamento crítico.

Se queres recibi-la na casa podes suscrever-te enviando um correo a:  
**[ardora@bastardi.net](mailto:ardora@bastardi.net)**

Nim dereitos, Nim deberes.



# Editorial

---

Quiçá a alguns lhes soe pretencioso começar um projeto editorial agora que os ecrãs mediam toda forma de comunicação. A outros porém parecera-lhes básico. Para nós é imprescindível articular um espaço de comunicação, ver os resultados e esforços de umha publicação em papel, dar importância aos livros e a sua potencialidade subversiva.

Sentimo-nos motivados por esse espírito de luta que outrora abundava e em que a produção editorial tinha um papel fundamental.

Quando pensamos em livros subversivos inspiram-nos exemplos como o de Severino Di Giovanni, capturado o 29 de janeiro de 1931 à saída de umha oficina de linotipia onde fora em relação com as matrizes de um livro de Reclus. Arriscando a sua liberdade e a sua vida para obter as matrizes que necessitava. Sabendo que as imprentas estavam no ponto de mira e que permaneciam vigiadas, mais valia a pena arriscar-se mais umha vez para um novo livro.

Também pensamos em Jean-Marc Rouillan, Oriol Solé e outros companheiros quem a princípios da década de 70 assaltavam bancos e expropriavam máquinas de imprensa para fazer-se com todo o necessário para poder imprimir livros em Toulouse e passá-los clandestinamente a Barcelona e outras regiões do Estado espanhol.

Ou quiçá num exemplo em grau sumo inspirador, o dos moços anarquistas da cidade de Bialystok, quem adicavam grande parte da sua energia e os seus meios à tradução, impressom e transporte de material escrito. Em 1905 expropriárom 330 quilogramas de tipografias para montar Anarjiya, a primeira imprensa anarquista da Rússia. Com o tempo muitos anarquistas russos imitariam o gesto, vários deles jogando-se ir a prisom, serem desterrados, serem condenados a trabalhos forçados ou a morrer.

Som só alguns exemplos inspiradores nom só porque os livros —muitos dos quais eram considerados perigosos ou simplesmente estavam

proibidos— imprimiam-se e difundiam de maneira clandestina, saltando-se todas as proibições e afastando-se de qualquer relação com a lógica de consumo da que hoje parece não haver escapatória. Sem por todo o relacionado com o desenvolvimento destes projetos editoriais, a maneira em que se punham em marcha, assim como a ilusão e o espírito de luta. Tentando não entrar em —mas também tentando dinamitar— todo processo de produção/consumo, a lógica do lucro,

as relações comerciais e laborais, buscamos devolver esse espírito subversivo, já que uma mensagem radical deve estar contida numa forma de difusão à sua altura.

As condições em que imaginar, pensar, e praticar a confrontação revolucionária, estão hoje longe de serem favoráveis. Mas pensamos que «Ardora», como projeto de comunicação, pode ajudar a vincular e confrontar diferentes ideias, debates, perspectivas e propostas.

---

Animamos a colaborar já seja com a distribuição ou enviando artigos e propostas. Para todo isto, um contacto: [ardora@riseup.net](mailto:ardora@riseup.net)





## A estratexia do caracol

**Cara unha loita subversiva na defensa dos nosos espazos, das nosas casas, das nosas vidas.**

*¿poderíalle explicar aos colombianos o que está pasando aquí?*

*O que está a pasar aquí agora e en tódolos desaxos que están deixando un montón de xente sen teito e fogares cheos de loito débese fundamentalmente a dous motivos. Primeiro, a inxustiza da xustiza e segundo, a falta de estratexia da clase inquilinal...*

*(Gustavo Calle y Sasa<sup>1</sup>)*

Este artigo trata de facer unha análise das loitas contra a especulación dende unha óptica subversiva. Trátase de abrir un debate en torno as posibilidades e métodos das loitas, (en defensa dos espazos, por unha vivenda digna...) coma arma contra o poder dentro dunha cidade faranduleira, señorial, relixiosa e estudantil, como é a vila de Compostela, tamén de falar de procesos, de erros e de acertos máis non coa pretensión de ter razón ou falar das historias, senon de abrir un debate que nos permita profundar na loita.

Para comezar irémonos directamente a finais dos 70. Onde desenrolouse unha loita ben interesante, que, coma non, deixou pegada na historia recente da

cidade. Trátase da loita dos pisos baratos. Comezou coma algo lóxico dentro dunha dinámica estudantil surrealista, unha chea de estudantes achegábanse a que era a universidade de Galicia. E os alugueres non paraban de medrar. Nun entorno de loitas digamos, ridiculistas, ou polo menos con sentido do humor, e tras diversas asembleas no campus universitario, veciños de Santiago de Chile e universitarios tomando a súa propia rúa, baixaron cadeiras e mesas e nunha festa sen precedentes, decidiron deixar de pagar as rendas e facer cacerolada durante días.

A consigna estendeuse, queremos pisos bonitos e baratiños. As inmobiliarias pecháronse durante meses a base de diversos métodos (mais que nada pedradas), as facultades tamén fecharon, producíronse manifestacións, e cargas policiais (a máis soada a da quintana).

O proceso que tivo moito, non o imos negar, de negociación, fechouse con diversas vitorias

1. Extracto do filme colombiano a estratexia do caracol do director Sergio Cabrera e guiión de Humberto Dorado 1993

parciais (que sempre son as derrotas do futuro), a apertura do burgo das nacións (ata o de entón refuxio de antidisturbios) que será un emblema cara as loitas estudantís (o propio desaloxo do burgo, a okupación santa clara ou a radio calimero, foron consecuencia do futuro desta loita), a rebaixa do redor dun terzo do prezo dos alugueiros, ou a apertura de comedores universitarios están certamente ligados a esta liorta que non debemos de esquecer.

Mais non estamos aquí para contar historietas se non para analízalas, non dende unha perspectiva ahistórica (dos oitenta ao 2017 choveu bastante); o subversivo deste proceso foi o factor sorpresa, o novidoso, o risible. Conseguir aglutinar a un monte de xente baixo unha consigna case ridícula, e facer tremer coma nunca antes a un sector en claro desenvolvemento, coma o emergente negocio especulativo de inmobiliarias e construtoras.

A existencia de líderes estudantís, os próximos negociadores profesionais, é a contrapartida desta loita, que dalgún xeito negociou, acabando así coa esperanza de ir un paso máis aló na potencialidade revolucionaria do propio proceso. Non esquecemos que moitos deses estudantes de onte, son agora políticos, falabraratos de televisión ou axentes inmobiliarios<sup>2</sup>

E non se malentenda o que quero dicir, non se trata de afastarse do mundanal ruído, e non conseguir ningunha mellora substancial que debeña da propia loita, se non de non baleirar de contido a mesma, de tal maneira que se faga totalmente recuperable.

E así como o sistema consegue constantemente renovarse, mediante o baleirado de contido, e a división dos contendentes.

Para seguir na disertación pasaremos páxina a este proceso con outros que son claros sucesores desta loita.

Aquí pasaremos a analizar as loitas polas defensas dos espazos autoxeridos nas últimas décadas da nosa cidade.

Santa Clara emerxeu tralo desaloxo do último pavillón do Burgo, no que se mesturaran estudantes, xente de vite de sempre e santiagueses desconformes coa nova situación que se estaba xerando.

A construción do novo barrio das Fontiñas, o baleirado de pobres da zoa vella, estábanse fraguando xa nestes anos. E materializáranse cedo gracias o benquerido arquitecto e próximo alcalde Xerardo Estevez, mellor negociador de defensor do progreso que arquitecto.

Temos que dicir a favor das okupas de santa clara, que non soube-

2. Vesaxe exemplos chamativos coma Manuel Cancio profesor da usc e tertuliano confeso. Ou o Andrés Eguibar negociador da inmobiliaria Urban tapadeira especulativa durante o bipartito do PSOE-BNG na cidade.

ron negociar, e resistiron. O que posibilitou o desenrolo de novos espazos, como a casa encantada. A okupa sen dúbida que máis durou no tempo da cidade.

Mais se santa clara non soubo negociar, a casa encantada si. Se ben fixo un traballo xurídico nada desdeñable, que permitiu a creación de novas expectativas, e conseguiu un espazo cultural amplo e necesario na cidade deste momento.

Mais para nós o subversivo da okupación non é a defensa dun espazo cultural alternativo (sen dúbida necesario) se non a reivindicación da ilegalidade, como forma de demostrar a contradición inherente de un sistema baseado na propiedade privada.

Se ben este proceso tivo suceso en manter aberto un espazo onde se poda estender ou experimentar métodos subversivos (un dos obxectivos fundamentais de recuperar locais) fracasou totalmente a hora de defendelo de maneira non convencional, e dicir, subversiva. Dando a impresión as alcaldías esquerdeiras de, bugallo, rego e encarnita otero, que se enfrontaban a un okupismo institucionalizado e fácil de derrotar.

Na contrapartida desta loita, mais en certa maneira seguindo o relevo desta loita, atopamos pola altura outros espazos okupados, máis xuvenís, que marcaron ou-

tros procesos, menos triunfantes en canto continuidade de espazos liberados, máis combativos en canto o ataque aos entes especulativos que por eses días facían de compostela o patio traseiro dos trapicheos do bipartidismo armónico do BNG e mailo PSOE.

O caso do desaloxo do edificio sindical, se ben centrada nunha resistencia veraniega ligada con certos sectores xuvenís compostelanos, non quixo negociación algunha coas institucións, máis a pesar dos seus esforzos por chegar a cidade, enclaustrouse no propio soto onde se xerou. O proceso do seu desaloxo ilegal, foi combativo, mais minoritario, convertendo por falta de apoio en verdade o que algúns críticos bastante inmobiliistas máis acertados dicían no momento. Leña verde todo é fume<sup>3</sup>.

Máis o susto e sorpresa dos especuladores máis activos do momento non se lles esquecerá rápido. Pois se o proceso anterior de desaloxo da casa encantada, esa si con moito mais apoio e coñecemento da cidade, con posibilidades de intercambio de coñecementos entre xeracións, que prometía crear dificultades (alén das legais) para o engraxe especulativo, resolvíase sen maior problema en xuño de 2003; unha mancheña de mocosas sen máis posibilidade real co dereito a pataleta, e sen pedir nada a cambio, móntalles un bo

3. Nome do artigo publicado no xornal anarquista ferrolán Marea negra, publicado tralos feitos acontecidos no edificio sindical.

lío en plena calma estival só un ano máis tarde.

Os políticos esquerdeiros de turno, defendendo aos seus irmaos trepas especuladores que lle dan o pan, aprenderon a lección e defenderán unha política de tolerancia cero cos okupas. O que xerou unha etapa na que resultou difícil manter okupacións estables na cidade.

Tiveron que pasar anos e desenrolarse novas situacións, para poder falar de loitas antiespeculativas na cidade, inda que okupas houbo e de moitas clases, reaccións máis colectivas non se produciron. A crise, os escándalos de corrupción, os desaloxos de moradoras das súas casas xerou un novo marco de actuacións. Tamén novos aires producidos polas respostas colectivas ao desaloxo da casa das Atochas no 2011 na cidade da Coruña, deron un novo pulo as intentonas por gañar espazos de subversión na cidade.

Tamén un personaxe no poder local, coma Xerardo Conde Roa, un sheriff que tentaba atemorizar a cidade e facer valer a súa lei, deu alas a próxima okupación da Sala Yago. Que sen durar máis dunha semana revolucionaría o galiñeiro compostelán.

O interesante deste proceso é o asalto a defender espazos subversivos no corazón do casco vello, algo que os okupas non fixeran dende Santa clara, así tanto a segunda okupación da sala Yago, como a okupación do antigo edificio de Cantigas e Agarimos

que perdurou uns anos coma o ben coñecido Escarnio e Maldizer son partes dunha espiral non rematada dunha loita tamén combativa contra a especulación.

O positivo destes procesos e cando atacan a lei no seu código de principios esenciais, propiedade, autoridade... O estado non pode dar nada a quen actúa ilegalmente, para iso debes entrar en certos cánones legais e nunca vai permitir que alguén libremente decida resolver as súas necesidades. Iso rompería o principio fundamental de dependencia no que se basea a escravitude moderna.

E é alí, onde estes procesos poderían a chegar a converterse en algo auténtico. Debido o desenrolo da propia cidade e o proceso de turistificación, xentrificación. O noso pobo desnaturalízase, perde a súa identidade, e así tamén os espazos por subversivos que queiran ser, tamén se poden xentrificar. Converténdose en lugares alleos os habitantes da cidade. E a cidade mesma tórnase nun escaparate de moda, coma calquera outro da europa occidental.

No fondo do asunto existe o problema da creación da propia identidade guettaria. O que xera o espellismo de ser distinto ao resto dos mortais habitantes dunha vila onde hai vinte veces máis visitantes que moradores. Esta identidade de guetto que pode darse en calquera dos nosos espazos, o guetto ten as súas cousas positivas; xera lazos e permite cohesionar grupos que se están activos nas loitas

locais poderían a chegar a actuar de maneira rápida e intelixente. Tamén permite cas minorías podan organizarse coma forma de presión dentro do mesmo guetto. Máis pola contrapartida pode chegar a dar un paso cara a converterse en organización, e dicir unha máis das vangardas iluministas que salvarán as nosas almas máis que no momento da verdade é facilmente controlable e institucionalizable polo poder.

Por iso non hai que confundir a propia asemblea, nome ou organización cun movemento e loita. As asembleas só son vinculantes para os asistentes as mesmas, se así o queren, non para a cidade, ou para a xente que apoie as loitas da que esa mesma asemblea fai parte. As veces preténdese un aquel de exclusividade para a xente que se organiza detrás dunha sigla ou nome, sen ter en conta que as demais non carecen da súa propia intelixencia, rabia ou potencial subversivo, quizais mais perigoso, ou polo menos doadamente controlable.

As formas de control poden ser máis o menos directas, dende a prensa que sinala e defende os intereses de propietarios, e burgueses que lle dan de comer, policía que reprimen directamente cando llo manda o político de turno, ou no caso actual como os novos alcaldes esquerdeiros do cambio, a tentativa de negociar para retornar as loitas cara a legalidade, o pacto, o control dalgún tipo que permita isolar os elementos máis radicais, e recompensar as cabezas visibles máis dialogantes.

Pensarase que de non haber ningunha clase de negociación, a recuperación dos espazos está abocada a pataleta e o fracaso e inda ca pataleta en si non é nada, os disturbios para defender os espazos é a última arma para defenderse contra a submisión. E polo tanto coma calquera outro dos actos de revolta, non é inútil nin estéril. Ademais facer efectiva a recuperación dos espazos é en si mesmo un acto de resistencia, por pouco que perdure no tempo. Tratemos de facer dos nosos espazos, auténticos lugares de difusión revoltosa, subversiva. Fagamos da súa defensa a defensa dun espazo real do seu lugar, do seu sitio. Naturalicemos e normalicemos a resistencia en tódalas súas formas. Lembrémonos ca revolta está na rúa e non nas asembleas, rompamos ca cotidianidade, e cos guettos que nos separan, só así faremos da loita pola vivenda unha loita pola defensa da vida e da terra, unha loita por non ser parte deste escaparate no que se tornou a cidade.

**María Juliache**



## Reflexons sobre a cidade

### O progresso nom destrui tam a fundo como quando construi

A exigência de espaços é eminentemente política. Os lugares em que vivemos condicionam a maneira em que vivemos e, ao revés, as nossas relações e a nossa atividade modificam os espaços em que se desenvolve a nossa vida. Trata-se de umha experiência quotidiana da que porém parecemos incapazes de tirar a mínima conclusom. Abonda passear por qualquer cidade para entender a miséria da nossa maneira de viver. Quase todos os espaços urbanos respondem a duas exigências: o lucro e o controle social. Som lugares de consumo organizados segundo as regras cada vez mais estritas de um mercado em contínua expansom: o mercado da segurança. O modelo é o do centro comercial, um espaço coletivo privatizado, vigiado por homens e instrumentos provistos polas correspondentes empresas. No centro comercial, umha sociabilidade cada vez mais «personalizada» construi-se arredor do consumidor e a sua família: agora nestes locais ao néon, pode-se comer, jogar com as crianças, ler, etc. Descobre-se que se trata de umha terrorífica ilusom de vida quando se entra sem dinheiro.

Nas metrópoles acontece mais ou menos o mesmo. Onde encontrar-se para


discutir, onde sentar sem a obriga de consumir, onde beber, onde dormir, se nom se tem dinheiro? Para um imigrante, para um pobre, para umha mulher, pode ser mui longa umha noite na cidade. Os bempensantes, cómodos nas suas casas, desconhecem o mundo noturno da rua, o lado escuro do néon, quando a polícia te vigia, quando todo che parece estranho e hostil. Quando as classes meias se encerram nos seus búnkers, a cidade desvenda o seu verdadeiro rosto de monstro inumano.

As cidades parecem-se cada vez mais a fortalezas e as casas a celas de alta segurança. A guerra social, a guerra entre ricos e pobres, entre governantes e governados, institucionaliza-se na estrutura do espaço urbano. Os pobres som deportados cara as periferias para deixar o centro a gabinetes e bancos (ou aos turistas), as entradas das cidades e todos os pontos «sensíveis» som vigiados por equipamentos cada vez mais sofisticados. O nom acesso a determinados níveis de consumo, definidos e controlados por umha densa rede informática em que se cruzam os dados do sistema bancário, de seguros, médico, escolar e policial determina, em negativo, as novas classes

perigosas, confinadas em zonas urbanas específicas. As características da nova ordem mundial refletem-se no controle metropolitano. Às fronteiras entre países e continentes correspondem os limites entre um bairro e outro, os cartons magnéticos de acesso a determinados edifícios privados ou, como em Estados Unidos, a certas zonas residenciais. As operações de polícia internacionais lembram à guerra contra a delinquência ou, mais recentemente, as políticas de «tolerância zero» com as que se criminaliza toda forma de desvio. Enquanto no mundo os pobres são encarcerados a milhões, as cidades adquirem forma de imensas prisões. As linhas amarelas que os consumidores devem seguir nalguns centros comerciais londinenses, acaso não lembram a aquelas sobre as quais devem caminhar os presos nalguns cárceres franceses? Seque não se alviscam os *checkpoint* dos territórios palestinianos na militarização de Génova com ocasião do G8? Aceitáram-se propostas de toque de recolher para adolescentes em cidades a dois passos das nossas (na França, por exemplo). Reabrem-se os correccionais, espécie de colónias penais para rapazes, proíbem-se as reuniões nos pátios dos condomínios populares (único espaço de vida coletiva entre tanto bairro dormitório). Proíbe-se o acesso ao centro aos sem-teito e multa-se, como na Idade Meia, os esmoleiros. Propõem-se (como os nazis de ontem e o presidente da câmara municipal de Milão hoje) a criação de centros para os desocupados e as suas famílias, seguindo o modelo dos Iáger para imigrantes clandestinos. Constroem-se valos entre os bairros ricos (e brancos) e os bairros pobres (e... não brancos). Cresce, desde Estados Unidos

até Europa, de norte a sul, o *apartheid social*. Quando um de cada três negros de idades entre 20 e 35 anos está em prisão (como em Estados Unidos, onde em vinte anos foram encarcerados dois milhões de indivíduos), pode passar quase inadvertida a proposta de fechar o centro da cidade aos imigrantes, e muitos podem mesmo aplaudir a gloriosa marinha militar quando afunde os barcos dos imigrantes clandestinos. Numha mistura de exclusão classista e segregação racial, a sociedade em que vivemos apresenta-se cada vez mais como umha gigantesca acumulação de guetos.

Mais umha vez estreita-se o vínculo entre formas de vida e lugares de vida. A precarização de amplos estratos da sociedade vai parelha ao isolamento dos indivíduos, à desapareção dos espaços de encontro (e portanto de luta) e, em última instância, às reservas em que se deixa, literalmente, apodrecer os pobres. Desta situação social nascem dois



fenómenos tipicamente *totalitários*: a guerra entre explorados, que reproduz *sem filtros* a competência desapiedada e o arribismo em que se baseiam as relações capitalistas, e a demanda de ordem e segurança, produzida e patrocinada por umha propaganda martilheante. Com o fim da Guerra Fria, o Inimigo transferiu-se, mediática e politicamente, ao interior mesmo do «mundo livre». À queda do muro de Berlim corresponde a construção do valo entre México e Estados Unidos ou o aperfeiçoamento das barreiras eletrificadas de proteção das cidadelas habitadas pelas classes dominantes. A criminalização dos pobres define-se abertamente como «guerra de baixa intensidade», onde o inimigo, «o terrorista exótico», é o ilegal, o toxicómano, a prostituta. O cidadão isolado, mexido do trabalho ao consumo, atravessa esses espaços anónimos que som as vias e meios de transporte, engole imagens terroríficas de moços pérfidos, folgazãos e navalheiros, e um sentimento impreciso e inconsciente de medo apodera-se da vida individual e coletiva.

As nossas tam aparentemente tranquilas cidades desvendam-nos cada vez mais, se paramos a observá-las, os sinais desta tendência planetária ao governo do medo.

Se se define a política como a arte do mando, como atividade especializada monopólio de burócratas e funcionários, a cidade é agora a organização política do espaço. Se, à inversa, se define como esfera comum de discussão e decisão dos problemas comuns, pode-se dizer que a estrutura urbana projeta-se expressamente para *despolitizar*

os indivíduos, para mantê-los ao mesmo tempo no isolamento e a massificação. Portanto no segundo caso, a atividade política por excelência é a revolta contra o urbanismo em tanto que ciência e prática policial; é a sublevação a que cria novos espaços de encontro e comunicação. Tanto num sentido como noutro, a questão dos espaços é umha questão eminentemente política.

Umha vida plena é umha vida que sabe misturar com arte o prazer da solidão com o prazer do encontro. Umha sábia combinação de povos e campo, de praças e extensões livres, poderia fazer magnífica a arte de construir e de habitar. Se no-lo propomos, com um impulso utópico, fora do industrialismo e da urbanização forçosa, é dizer, dessa longa história de deportações sobre a qual se ergueu a atual sociedade tecnológica, poderemos imaginar pequenas comunidades baseadas nas relações cara a cara, sem hierarquias entre os homens nem domínio sobre a natureza, conectados entre eles. A viagem deixaria de serem um transportar-se estandarizado entre a fadiga e o aborrecimento e converteria-se numha aventura livre de relógios. Fontes e lugares resguardados acolheriam os transeuntes. A natureza selvagem poderia voltar ser lugar de descobrimento e de silêncio, de temor e de fuga dos homens. Os povos poderiam nascer dos bosques sem violência para passar a serem campo e selva outra vez. Não podemos sequer imaginar como os animais e as plantas se transformariam, sem sentir-se já ameaçados pelos homens. Só umha humanidade alienada puido conceber a acumulação, o lucro e o poder como a base da

vida sobre a Terra. Enquanto o mundo da mercadoria fai águas, ameaçado pola implosom de todo contacto humano e pola catástrofe ecológica, enquanto os adolescentes matam-se entre eles e os adultos vâm tirando a base de psicofármacos, o jogo vai-se clarificando: subverter as relaços sociais significa criar novos espaços de vida, e viceversa. Neste sentido, umha «imensa obra de demoliçom urgente» nos espera.

A sociedade industrial de massas destrui ao mesmo tempo a soidade e o prazer do encontro. Estamos cada vez mais obrigados a estar juntos, por mor dos deslocamentos forçosos, dos tempos uniformizados, dos desejos fabricados em série, e com todo cada vez mais isolados, incapazes de comunicar, devorados pola ánsia e o medo; incapazes, sobre todo, de lutar juntos. Umha comunicação real, um diálogo verdadeiramente igualitário pode produzir-se só através da ruptura da normalidade e dos hábitos. Só na revolta.

Em distintas partes do planeta, os explorados rejeitam as ilusons sobre o melhor dos mundos, volvendo contra o poder o seu sentimento de total espoliação. Sublevando-se contra os exploradores e os seus cans guardiães, contra os seus bens e valores, descobrem novas e antigas maneiras de estar juntos, de discutir, de decidir, de celebrar.

Desde os territórios palestinos *aos aarch* (assembleia de aldeia) dos insurrectos argelinos, os levantamentos liberam espaços de autoorganização social. Muitas vezes as formas assembleárias redescobertas som tradiçoms antigas

postas ao dia, forjadas no orgulho doutras luitas, de relaços cara a cara hostis a toda representação. Se a ruptura violenta é a base das sublevaçoms, é a sua capacidade de experimentar outras formas de vida o que as fai duradeiras, na esperança de que os explorados de outros lugares alimentem as chamas, porque até as mais belas utopias levadas à prática morrem no isolamento.

As instituições do poder, também as nom diretamente repressivas, som sempre destruídas no curso das sublevaçoms nom só pola sua carga simbólica, senom porque nos seus domínios, sempre o soubemos, nom há vida.

Trás o problema das casas e dos espaços coletivos está, portanto, o da sociedade inteira. É por trabalhar trinta anos para pagar umha hipoteca, só para ter um tecto sobre a cabeça, que nom se conseguem encontrar as ganas nem os espaços para juntar-se e falar da absurdidade de umha vida assim. De outra banda, quanto mais se cercam, privatizam ou estatalizam os lugares coletivos, mais se convertem as vivendas em pequenas fortalezas grises, uniformes e nocivas. Sem resistências, todo se degrada a umha velocidade impressionante. Onde há tam só cinquenta anos viviam os camponeses que cultivavam a terra dos ricos, hoje vivem os nobres (nem sequer os burgueses). Os atuais bairros residenciais som mais inabitáveis que as casas populares de há trinta anos. Os hoteis de luxo parecem quarteis. O corolário lógico deste totalitarismo urbanístico som essa espécie de nichos em que recargam as pilhas muitos oficinistas japoneses. As classes que exploram os pobres som à sua vez mal-

tratadas pelo sistema que com tanto celo sempre defendêrom.

Praticar a açom direta para arrancar ao poder e ao lucro espaços de vida, ocupar as casas e experimentar relaços subversivas, é algo mui distinto de um juvenilismo mais ou menos na moda. É umha questom que afeta a todos os explorados, os deixados à margem, os sem voz. Trata-se de discutir e de organizar-se sem mediadores, de fazer chocar a nossa autodeterminaçom de relaços e de lugares com a

orde constituída, de atacar as gaiolas urbanas. Mas nom cremos de nenhuma maneira que seja possível criar nengum espaço de verdade autogerido dentro desta sociedade, um espaço onde viver à nossa maneira, como índios nas suas reservas. Os nossos desejos som muito mais desmesurados. Queremos abrir fendas, sair à rua, falar nas praças em busca de cúmplices para ir ao assalto do velho mundo. Reinventar a vida em sociedade, mais nada.

**Massimo Passamani**





## Por que tanta hostia?

Sobre a violencia policial nas protestas contra o desaloxo do Escárnio

Claro que estaba guapo o local do Escarnio, ou o solar... E o Peleteiro, todo un símbolo da oligarquía compostelana, mesmo sede temporal da madeira... non ían permitir que fóra okupado.

Pero a cuestión que está en xogo é máis alá dos locais ou o uso que se lles da. É outra. Para moitxs de nós, e tamén para as autoridades.

A nosa vontade (polo menos a dunhas cantxs, creio) é desencadear e soste ambientes colectivos que nos ofrecen certos atractivos que non se poden comprar. Ten algo que ver con encarar un asunto pendente, con algo que nos foi sistematicamente negado. Vivenciar a libre experimentación, a libre decisión. E iso conleva saltar algún cerco, eludir o control, saír dos límites da lei. Porque a lei... a lei só sabe de números.

Asaltamos o valor, a propiedade. Queremos gañar tempo. Queremos afirmar o mundo fronte á súa imaxe. Para situarnos nel como individuos únixs e atoparnos na diferenca.

Queremos organizarnos e tomar o coñecemento através da práctica,

enfrentar colectivamente a procura de solucións non mediadas para os nosos propios problemas. Xerar ocasións para o encontro, e experimentar a potencia común, na que esquecemos toda economía. Vinculando medios e fins, desde fóra de toda expectativa ou de todo carreiro pre-fixoado.

Visibilizando tamén eses carreiros alleos que sen embargo percorremos. As súas estafas, as súas chantaxes. As dominacións que pasan desapercibidas, as hostias e as cicatrices que parece que non vemos ou esquecemos.

Xa sexa na okupa, ou en calquera outro proxecto, ou na cotidianidade das nosas relacións.

E acontece que nos instantes que máis brilla a autonomía individual e colectiva emerxen trascendencias inesperadas que non fan máis que alimentar a nosa convicción. Aquilo que sempre estivo, aparece. E xa non coma unha ou outra imaxe ou coma un produto de consumo, senón como un acontecemento de importancia para cada unha das que o vivimos. Do que gardaremos os mais

fiéis rexistros nas nosas memorias,  
na nosa memoria.

E claro que suscita medo o conflito  
contra a autoridade. Pero ese medo,  
ese “sabernos en perigo” no que nos  
atopamos, tamén abre portas. En pri-  
meiro lugar, á autenticidade das per-  
soas que están dispostxs a encaralo,  
con carapucha ou sen ela.

Todo isto témeno, e sobretudo te-  
men que se espalle. Por iso prepá-  
ranse con helicópteros, titulares  
incriminatorios e farlopa abundante  
para ir ao noso encontro. E a ver-  
goña non lles impide executar a  
súa violencia gratuita (feita contra  
persoas, e non contra cousas), que-  
dando en evidencia ante tantxs; ou

ter a frialdade de deter a unha per-  
soa despois de deixala inconsciente,  
ou iniciar unha vaga de detencións  
como castigo exemplarizante.

Sabemos do seu segredo, e cáusalles  
pánico que se corra a voz.


AS PROCESADXS NON ESTÁN SOXS


A SOLIDARIEDADE É SEMENTE

NA NOSA AUTONOMÍA,  
NAS NOSAS RELACIÓNS,

O REVERSO DA SÚA MISERIA

Nada rematou





## Contra o círculo vicioso do jihadismo e a dereita

O pasado 17 de agosto, un grupo jihadista realizou un atentado en Barcelona co obxectivo de sementar o medo e atraer a atención mediática dos grandes titulares. Nós queremos dar un rexeitamento contundente a esta mentalidade e as mentalidades que entendemos forman parte do mesmo ciclo vicioso, así como expresar o noso apoio ás vítimas.

Non é un segredo que cada nova lei xenófoba, a cada nova agresión contra inmigrantes musulmáns, os jihadistas póñense contentos. Nas súas revistas de propaganda e foros en internet, celebraron a vitoria de Trump e outras vitorias electorais da extrema dereita. Nunha linguaxe similar, falan dunha «guerra entre civilizacións» nun mundo que consideran dual. O obxectivo dos seus atentados é o de polarizar as sociedades atacadas, para xerar máis xenofobia, máis islamofobia, para que máis inmigrantes se sintan excluídos e violentados. O racismo aquí crea a próxima xeración de jihadistas.

As agresións e insultos contra migrantes na rúa así como as formacións de extrema dereita non son máis que

a punta do iceberg dun racismo latente. O racismo institucional é máis sutil pero máis punzante e preocupante porque está socialmente máis aceptado. Os valados e as fronteiras da Europa Fortaleza, o acoso policial constante coas redadas, os encarceramentos en CIEs, as expulsións ... forman parte do noso día a día sen que suficientes voces se levanten para denunciálo. Todo obstaculiza a solidariedade entre inmigrantes e autóctonos e facilita crer nos discursos estendidos de «Eles e Nós».

A prensa fala de terrorismo. Pero non chamaron «terrorista» ao atentado de Virginia catro días antes, cando un home branco da extrema dereita arrojou unha ducia de persoas. Non chaman «terroristas» cando fascistas aquí en España apuñalan á xente do metro ou pola rúa.

Ademais, existe un dobre baremo mediático á hora de informar desde os grandes medios: cando morren centos de persoas en atentados en países de África ou Asia, parécenos normal, nin digno dun titular na portada dos xornais. O mesmo cando morren en «accidentes» industriais, traballando

para empresas occidentais para fabricar a mercadoría que consumimos todos os días. Pero cando as persoas morren aquí, poñemos as mans na cabeza e decimos, «por que?»

O jihadismo é unha consecuencia directa das políticas colonialistas dos países occidentais. Foi o trío das Azores o que nos empantanou en varias guerras para defender os intereses das grandes empresas. Son os Estados os que nos poñen en perigo e son as persoas na rúa que recibimos as consecuencias, xa sexa en Barcelona, París, Siria, ou Iemen. E é que non debemos esquecer cantas persoas morreron en Afganistán, en Iraq, en Somalia ou en Libia. Estas mortes non importan igual que as producidas en Barcelona? Cada unha das guerras foi unha aventura codiciosa da OTAN ou doutras alianzas de gobernos occidentais, nunhas ocupacións militares que non podemos deixar de chamar terroristas.

O crecemento internacional do jihadismo é unha consecuencia directa das invasións ou o bombardeo dos países de Oriente Medio. Os campos de cultivo e bases de adestramento do jihadismo están en Afganistán, Kósovo, Iraq e Siria, Somalia e agora Libia. En cada un destes países estaba en marcha unha guerra efectuada por países occidentais co motivo de aumentar a súa riqueza, sen dar importancia a cantas mortes e miseria sementarían.

Tampouco podemos deixar de recalcar os intereses de gobernos e empresas occidentais con países que

fomentan o jihadismo. Ninguén lembra agora as boas relacións da realeza española con Arabia Saudita? Ou o patrocinio do FCB feito por empresas do réxime de Qatar? Onde están agora as noticias que falan dos 20.000 uniformes militares que quería vender O Corte Inglés aos jihadistas de Siria? Quen crítica a unha Turquía que apoia o Estado Islámico?

Haberá xente que non dubidará en aproveitarse destas mortes e do sentimento de medo para aumentar o seu poder e avanzar nos seus intereses. Son eles os que sementan as condicións ideais para o jihadismo. Nun atentado, onde nós vemos traxedia, o Estado ve unha oportunidade. Unha oportunidade para incrementar os estados de emerxencia, para ampliar os poderes policiais e aplicar novas leis. Quererán aumentar as medidas de control social, pretenderán alargar as fronteiras, aproveitarán para atacar á disidencia.

É por todo iso que cremos máis necesario que nunca apostar pola solidariedade cos inmigrantes, contra a miseria, a precariedade e o racismo. Unha das mellores formas de loitar contra o estado islámico é loitar contra as guerras e as políticas de espolio que lle dan ás. Ao mesmo tempo debemos apoiar as loitas que realmente se enfrontan co jihadismo, como a levada a cabo en primeira liña de lume polas compañeiras kurdas.

Contra o fundamentalismo jihadista e o racismo islamófobo!

**El pèsol negro**



## Nom som Bosques que som Cultivos

As plantaçons de Eucaliptos e Pinheiros som um perigoso combustível

Nestes dias, abrumado pola seca que padecemos por toda Galiza, seguim lendo tudo quanto caia nas minhas mãos ao respeito das causas que originam os grandes lumes que em cada época estival (e nom só pois até o mês de abril já arderam neste ano 2017 case 3.000 hectáreas na Galiza) arrasam nossa terra. Dos porquês esta Terra tam húmida é vítima ano tras ano destas desfeitas que som, na sua imensa maioria e sem dúvida alguma, autoria da mão humana quando nom da sua egoista mente planificadora.

**O gram incêndio de Pedrogrão** no nosso país vizinho está a ser considerado como inédito, nom quanto às dimensons senom em quanto ao comportamento de fogo e o tipo de propagaçom, denominada polos expertos como **“convectiva dominante”**.

Isso está a dar pê a que **saíam á luz certos aspetos deste lume que venhem pondo o olho do furacám na política forestal** (Portugal ao igual que Galiza som vítimas de políticas forestais pensadas só em termos de rendimento económico para empresas madeireiras e pasteiras).

**Emanuel Oliveira**, bombeiro português, autor do blogue ‘Fogos Florestais’ aclara que a classificaçom dos incêndios de acordo com o fator que domina a propagaçom do fogo, divide-se em três grandes tipos: os do tipo ‘vento’, quando é o vento que conduz e domina a propagaçom; do tipo ‘topográfico’, quando a propagaçom é dominada pelas características físicas do terreno; e por último **os incêndios do tipo ‘convectivo’ ou também denominados de incêndios de combustível, quando o fator dominante da propagaçom som os combustíveis, pela sua carga e disponibilidade, pelo tipo/modelo de combustível** (herbáceas, matos, povoamentos e resíduos florestais), **pela sua distribuiçom espacial e pelo seu estado fenológico** (o estado das fase de vida da planta).

Além Oliveira desbota que **o problema radique nos eucaliptos ou noutras árvores** (“*deitar a culpa ao eucalipto é muito fácil, da mesma forma que é mais fácil dizer que foi um incendiário do que um relâmpago*”) e engade: “*no incêndio de Doñana era pinheiro manso e ardeu tudo*.”) mas indica e sinala a verdadeira causa: **O problema tem a ver com as plantaçons de árvores a eito**

que dam lugar a grandes massas de território onde estas árvores com a mesma idade, acadam a mesma altura, o mesmo tamanho, densidade, carga e disponibilidade e onde o fogo encontrará um combustível todo muito igual e isso faz com que, este tipo de incêndios, sejam os mais complexos e exigentes no controlo e extinçom pois a elevada quantidade de combustível disponível para arder pode produzir a libertaçom de umha imensa quantidade energia e calor com propagaçom por projeçoms (as pinhas e a cáscara do eucalipto quando ardem som perfeitos projectis de lume) e novos focos secundários em várias direçoms, ventos erráticos e intensos, remoinhmos de fogo, radiaçom muito elevada, ou seja, incêndios que consumirám elevadas áreas florestais devido a períodos de seca e a episódios meteorológicos extremos.

Tamém o biólogo compostelão **Javier Guitián** denuncia num seu artigo de imprensa que *“tratarom de colar-nos que as plantaçoms de eucaliptos som bosques e nom cultivos, e boa mostra delo é que a chamada política forestal, correspondente ou pertencente aos bosques, centrou-se case exclusivamente nas plantaçoms e nom nos verdadeiros bosques”*. E engade que *“as plantaçoms nada tenhem a ver com os bosques, som cultivos de espécies lenhosas e assim devem ser tratados”*.

Ultimamente están **aparecendo concelhos na Galiza** (Verim, Pantom, Folgoso,...) que nunca tiverom

plantaçoms de eucaliptos (suponho que nom tenhem um chão ajeitado para que Ence tirara bos beneficios delo), mesmo governados polo PP (de feito o Governinho quiere impulsar que toda a província de Ourense esteja livre de eucaliptos de jeito oficial) e PSOE que, **aproveitando a vaga de lumes, tiram e aprovam acordos nos que se comprometem a nom plantar eucaliptos** nos terrenos do seu concelho.

Bom, **nom é que estejam mal estas iniciativas em concelhos nos que nom há eucaliptos; mas a mim cháma-me a atençom que só falem de eucaliptos; e que se passa com os pinheiros (tamém aloctónes e pirófitos)? ou as invasivas mimosas?** Semelha que quixeram dar a imagem de que estiveram a fazer um grande esforço para lutar contra a lacra dos incêndios, quando os problemas do lume em Verim, Pantom ou Sober (algun dos concelhos onde aprobarom iniciativas destas) nom tenhem nada com os eucaliptos e sim e muito com as plantaçoms de pinheiros, como o lume que tivo lugar em Sober neste mesmo ano lá polo mês de abril.

Outra coisa som acordos como o do concelho de **O' Grove** (cheinho de eucaliptos e onde a Associaçom vizinhal e cultural *“Figheira do Meco”* e o Coletivo Ecologista do Salnés levam anos lutando pola regeneraçom da flora e fauna autótones e mesmo contra da instalaçom dum campo de golf) ou de **Ames** (onde aprobarom um projeto piloto de luta contra os lumes que inclue

a plantaçom de 1000 castinheiros, abeleiras, nogueiras e cerdeiras em 37 leiras do concelho como protetoras para evitar a propagaçom dos lumes e além contratram umha brigada anti-incêndios e maquinária para realizar labou-ras preventivas durante todo o ano).

Para finalizar dizer que a **Associação Portuguesa de Guardas e Vigilantes da Natureza (APGVN)** sinalou a política forestal como a submis-som dos *“interesses económicos ao bem público”*, nomeadamente com

a *“continua permissom da erradi-caçom da floresta mediterrânica beneficiando o sucessivo aumento da área de eucalipto”*.

E Emanuel Oliveira sentença: *“o que implica que o país se prepare pois estes lumes vieram para ficar”*. E eu remato com este dito popular gale-go-português que acho que vêm propi-cio: *“Quando vires as barbas do vi-zinho a arder, põe as tuas de molho”*  
ogajeironagavea.wordpress.com

---

**pdt.**- Ah, se alguém vai algum día ao que os falsimédios gostam em cha-mar o **“Bosque de Galicia”** nas ladeiras do Monte Gaias (onde ubicarom o “Mausoleo de Fraga”) que faga ver a qauntos se paseam por lá, que isso **“NOM É UM BOSQUE”** senom que é um **“CULTIVO ARBÓREO”**) e assim como remata seu artigo Javier Guitián dizendo que *“nom me ima-gino a Fernández Flórez escrevendo O bosque animado numha plantaçom de eucaliptos”* eu digo que tampouco o imagino escrevendo tal numha plantaçom de árvores ao chou por moi autoctones que sejam e por mui-to que pretendam vender-nos que essa variedade de espécies cultivadas venham favorecer a biodiversidade da zona. A tais efeitos recomendo a leitura do artigo **“Diez respuestas a diez mentiras sobre las Planta-ciones Forestales”** publicado no EcoPortal





## O caso dos assaltos em Aachen

### **Anarquia e propriedade privada: História do anarquismo expropriador<sup>1</sup>**

Em 1864 Mijail Bakunin conforma a Aliança da democracia socialista, inaugurando assim o movimento anarquista revolucionário propriamente dito. Na década de 70 a formação de grupos anarquistas continua, cambiando a sua denominação de socialistas revolucionários ou demócratas socialistas pela de anarquistas, termo usado por primeira vez por Proudhon na década de quarenta do século XIX.

Foi o próprio Proudhon quem qualificou a propriedade como um roubo e o facto de despossuir dela os proprietários para pô-la baixo usufruto coletivo como um facto aceitável. Pola mesma época, Max Stirner falou da necessidade de atacar a propriedade mediante o roubo, ou o que é o mesmo, de responder mediante a apropriação individual ou coletiva à agressão que implicava a propriedade privada.

Em 1879, membros da federação revolucionária libertária russa Zemlia i volia levarám a cabo a primeira expropriação conhecida

feita por anarquistas para um fim revolucionário. O objetivo do ataque foi a sé de correios de Jerson (Ucrânia) e o montante do mesmo 1,5 milhões de rublos da época.

A partir desta época, e tomando os conceitos anárquicos elaborados por Stirner, Proudhon e Bakunin, cada vez mais individualidades e grupos anarquistas utilizariam a expropriação como ferramenta política. Ferramenta que cobraria especial auge entre os anos de 1920 e 1935 em Espanha e Latinoamérica, mas que tivera também a sua importância generalizada desde 1890 na França.

Desde essa época e até a atualidade o anarquismo utilizou a expropriação, não só a bancos nem unicamente por meio da força. Desde Ravachol, Durruti ou Di Giovanni a Lucio Urtubia e continuando na atualidade, é uma prática que oferece perspectiva histórica para continuar lutando em contra da propriedade privada e toda autoridade.

O facto de ser anarquista, da solidariedade recebida durante o processo e de mover-se num contexto de vínculos e cumplicidades internacionais, fôrom os argumentos que a juíza considerou chaves para sentenciar Lisa a sete anos e meio por assaltar um banco na cidade de Aachen no ano de 2014. O outro companheiro ficou absolto “*in dubio pro reo*” já que a procuradoria nom puido demonstrar de forma clara a sua participação nos feitos.

Para ela, porém, este princípio nom foi considerado válido, mália que nom foi reconhecida por nenhuma testemunha, que o ADN encontrado numha saca estivesse fora do banco, e que o experto biométrico escolhido pola procuradoria dixo que tanto podia ser a acusada como nom sê-lo.

Mas além dos argumentos técnicos, a juíza deu muita importância às ideias e a atitude firme e nom colaboradora da companheira para justificar a sua condenação. Por um lado que a expropriação considera-se umha prática historicamente aceite e/ou praticada —entre outros— polos anarquistas de diferentes países e épocas; e por outro que a companheira nom tomou distância destas práticas.

*«...Nom quero adentrar-me num discurso que fala em termos de inocência e culpa, porque a justaposição em jogo nom está entre estas duas «categorias» formuladas na linguagem da dominação, a linguagem da lei; umha linguagem absolutamente antagónica à minha. O é, para pô-lo de maneira simplista, entre os que desejam a liberdade e os que lha quitam aos primeiros. E isto tem pouco a ver com a dupla fila de reixas da minha janela, com a triple capa de paredes e portas que rodeiam este lugar...»*

Palavras da companheira de Holanda acusada polo mesmo caso e que finalmente foi posta em liberdade.

## Apontando o inimigo: Bancos e propriedade<sup>2</sup>

### A banca sempre ganha

*Nom é certo, como [alguns] semelham crer, que os bancos sejam, ou sejam principalmente, um meio para facilitar o intercâmbio; som um meio para especular sobre os intercâmbios e sobre os câmbios, para situar os capitais e fazer-lhes produzir um interesse e para cumprir outras funções esquisitamente capitalistas que desaparecerám o dia em que triunfe o princípio de que ninguém tem o direito e a possibilidade de explorar o trabalho dos demais.*

Errico Malatesta.

Se por algo se caracterizou o capitalismo como modelo social e económico, é por ser o primeiro sistema que procurava nom só o domínio sobre todas as cousas, mas a sua reprodução, a sua acumulação para o conseqüente desenvolvimento do mesmo. Nunca conhece um abonda, reinvestindo toda riqueza obtida em criar mais riqueza: o monstro nunca pára de medrar.

Aqui pois entram em cena os bancos ou o sistema bancário, pedra angular do capitalismo desde a sua máis pronta idade. Os bancos outorgam crédito para o desenvolvimento dos projetos capitalistas, som depositários do dinheiro, fluem-no, retendem-no, investem-no. Os bancos som a máxima expressom da especulação sobre a que se cimenta este sistema: nutrem-se de todo aquilo que os explorados geram com a sua suor para especular sobre o seu valor. Mercam possessons, concedem hipotecas, botam dos seus fogares a gente, financiam qualquer indústria (armas, pornografia, cárceres...) e o melhor de todo: fam cúmplices do seu crime a todos aqueles que roubam... quem de nós nom tem umha conta bancária? quem de nós nom foi a um banco algumha vez para pedir um crédito, para abrir umha conta onde cobrar as nossas nóminas, para pagar umha multa, umha factura...? Todo a propósito do que os bancos representam. A banca sempre ganha, todo oscila arredor dela. E o máis macabro, é que sobre quem se comete o roubo quotidiano, os explorados e oprimidos, vemos-nos na obriga nalgum momento de recorrer a ela.

Três atores importantes no sequestro das nossas companheiras

## **1— A acusação: Pax Bank e os seus sócios.**

As sucursais bancárias onde se perpetraram as expropriações pertencem às entidades *Pax Bank* e *Aachener Bank*. O *Pax Bank* é um banco ligado, desde que o fundaram sacerdotes em Colônia durante a Primeira Guerra Mundial, à Igreja católica e recentemente vinculada ao mercado de armas. Enquanto predicam humildade, ética e moral, enchem os petos vendendo armas em guerras polas que logo pedem orações. Umha amostra mais da aliança indisolúvel entre Igreja e Capital.

## **2— Os cúmplices e servos do Estado: colaboração entre Estados e os seus corpos policiais**

Desde a *KriminalPolizei* e a *Agência Estatal de Investigação Criminal* (LKA) de Alemanha saírom ordens de compilação de informação cara as polícias de outros Estados: por exemplo, fôrom os *Mossos de Esquadra* quem compilárom dados para a identificação e localização das nossas amigas. Mas além disso, a *Europol* emitiu a orde de procura e captura que concluiu com a extradição a prisons alemãs das nossas amigas (trazidas desde a Bulgária e Barcelona). As fronteiras, mais umha vez, som só reais para as pobres, as rebeldes, as migrantes...; nunca para o rico, as forças repressivas ou para o capital.

## **3— Tecnologia de controle social e repressom: novas (e nom tam novas) técnicas**

Umha das provas fundamentais para a acusação foi a amostra de ADN re-

colhida polos *Mossos de Esquadra* sem conhecimento das acusadas. Outra das provas foi o estudo biométrico extraído das imagens gravadas desde as câmaras das sucursais e os seus arretores: forma da cabeça, da mandíbula, de caminhar... Toda essa informação extraída das gravações que acumulam dia trás dia quando passeamos polas nossas videovigiadas ruas.

---

## **Carta da companheira presa em Köln: «a luta sempre continuará»**

Queridos companheiros,

Mais uma vez gostaria de agradecer sua solidariedade e apoio manifestado de diferentes maneiras, desde o início e, especialmente, durante este julgamento, tanto dentro da sala do tribunal como de longe.

Tantas vezes estes gestos me deram energia e calor, e evidentemente, alentaram a minha convicção de que a luta sempre continuará, em quaisquer condições e independentemente dos obstáculos que apareçam no caminho.

Justamente porque eu sei exatamente como funciona a justiça e a mania de perseguição do Estado, e uma vez que, neste julgamento o tribunal, a promotoria, a polícia e a imprensa precisavam de culpados, sinto um monte de raiva. Uma raiva contra esse mundo miserável e totalmente desigual em que nos impõem o direito dos poderosos. Uma raiva contra esse sistema de punição, de opressão e de confinamento de todos aqueles que não se encaixam nele. Uma raiva



por toda manipulação, farsa e mentira com que se alimenta a opinião pública... E, claro, mais raiva por tantas outras coisas.

Desta vez pegaram a mim, mas em outras vezes vão pegar a outros e, talvez, inclusive cada um de nós, especialmente aqueles que seguem seu caminho com dignidade e força. Mas não deixaremos que o Estado e seus capangas nos dobre.

A prisão nunca é o fim; estas condições agravadas nos incentiva ainda mais a seguir defendendo a vida e os valores que representamos.

A luta continua – tanto aqui dentro como fora – até que se derrubem todas as prisões e todas as formas de dominação e autoridade sejam destruídas.

Muita força e solidariedade para todos os companheiros presos e perseguidos em toda parte!

Liberdade para todos.

**Lisa**

**Junho de 2017**

Para o envio de correspondências para Lisa:

*Lisa, n° 2893/16/7  
Justizvollzugsanstalt (JVA) Köln  
Rochusstrasse 350  
50827 Köln  
Alemanha*

1,2,3 –Textos da publicação «*Que delito é roubar um banco comparado com fundar um?*» solidária com as anarquistas presas na Alemanha acusadas de expropriar um banco

## A propriedade é um roubo!<sup>3</sup>

*O látigo da fome obriga ao homem pobre a someter-se; para poder viver tem que vender-se —vender-se «voluntariamente»— cada dia, cada hora à «besta da propriedade».*

Johann Most.

A propriedade é umha concessom que fai o Estado a un proprietário. Regulada por este (mediante a Lei), som as classes possuidoras, a classe empresária, quem baixo a coartada legal do título de propriedade ostentam aqueles bens e serviços necessários para a vida, desde a máis básica necessidade fisiológica como a alimentação ou outras expressons do ser humano como a cultura. E é aqui onde se produce o maior acto de terrorismo possível, a maior coaçom sobre a humanidade: se queres comer, tes que trabalhar. O proprietário, através da propriedade, impóm aos explorados as condições em que através de umha retribuçom chamada salário, imos deixar-nos explorar para enriquecer outros.

A conclussom é simples: todo desenvolvimento técnico, todo meio utilizado para produzir alimentos, roupa, fogares, livros... é consequência do esforço conjunto da humanidade ao longo de geraçons. Desde o que aperta as porcas até o que desenha os planos, todos e muitos mais contribuírom com as inovaçons e esforços de geraçons anteriores em todo este processo. A propriedade é um roubo, seja esta individual ou colectiva: toda propriedade gera desigualdade em tanto quem possui e quem nom possui.



## Mulheres como botim de guerra

As violaçõs em tempos de guerra podem-nas cometer, como se deu até agora, exércitos organizados, grupos paramilitares e fascistas e vários fundamentalistas. A violência sexual e as violaçõs contra nenas e mulheres convertêrom-se numha arma sistemática da guerra e a repressom. Nestes fenómenos de violência sexual, a opressom de género está associada ao militarismo e a estrutura altamente patriarcal dos corpos militares. Assume-se, ademais, que o exército, a máquina assassina do Estado, igual que as próprias guerras têm género e é o masculino. Por suposto, isto nom quer dizer que as mulheres sejam espectadoras de todo isto, senom todo o contrário: as mulheres na maioria dos casos som as suas vítimas\*. A violaçom de mulheres durante a guerra deve-se observar baixo este prisma: a organizaçom patriarcal do imaginativo nacional que se ativa. Quanto mais abertamente patriarcais som as narrativas nacionais, mais útil é a arma da violaçom para os atacantes e mais demoleedor para os objetivos atacados.

As violaçõs como meio de guerra pode ter vários pontos de partida. Em muitos casos, pode ser o resultado das ordens explícitas de altos funcio-

nários ou, simplesmente, iniciativas dos próprios soldados, ou ambas as duas combinadas. O que está claro é que as violaçõs contam como umha componente da vitória ou a derrota militar, mas nom podem limitar-se a estes qualificativos. Em qualquer caso, o que dá sentido-significado a estas violaçõs é o imaginário colectivo: o da limpeza étnica ou «genocídio seletivo» ou, mais geral, a destruçom dos laços da sociedade rival. É dizer, a destruiçom, ante todo, das significaçõs imaginárias sociais que fam que existam os seus sujeitos. Durante a guerra da Bósnia e Herzegovina, por exemplo, as mulheres fôrom vítimas massivas de violaçõs e torturas, cativoiro e prostituçom forçada a maos dos soldados sérvios e os paramilitares, vemos claramente ante nós a intençom da limpeza étnica. Esta missom foi, por suposto, umha orde explícita dos oficiais, mas sem a participaçom ativa dos soldados nom teria nengum efeito, nem alcançaria as dimensõs monstruosas que alcançou.

A humilhaçom e a violaçom da mulher do «inimigo» em estado de guerra adquire o significado de humilhaçom e violaçom da totalidade da naçom rival. Aqui, por suposto,

também entram em jogo as significações atribuídas às mulheres e, em geral, à feminidade pela socialização nacionalista. Estas significações som, por umha banda, a sua designação como útero da nação, é dizer, a responsável da perpetuação da nação (mediante a reprodução dos nacionalistas e, por que nom, dos soldados disponíveis) e, por outro, como figura que deve permanecer pura, honesta e comprometida com a família, é dizer, o núcleo da nação. Todo isto considera-se inviolável e óbvio para qualquer nacionalismo (e nacionalista). Assim que os soldados para «proteger» as suas próprias mulheres e as suas famílias, violam mulheres e dissipam as famílias doutros. As mulheres, portanto, jogam um papel importante como metáfora: por exemplo, como «a pátria nai» ou «pátria-matriz da nação», como mencionamos anteriormente. As mulheres som, pois, algo para o que o militar aprende a lutar (por exemplo, «luitamos polas nossas mulheres e os nossos filhos»), um objeto que existe para ser protegido (como o resto dos bens do homem). De outra banda, as mulheres som as que recebem os ataques mais brutais das tropas, ainda que sejam a maior parte da população civil e sem nenhuma participação nas decisões e a planificação militar.

As violações nas guerras nom som a excepção senom a regra geral que se apoia no ódio étnico e a supremacia masculina, elementos que se encontram na base ideológica

dos militares e a guerra. Assim que a nossa posição antimilitarista baseia-se no rejeitamento total a estes elementos, sempre em contra do «nosso» Estado e o nacionalismo, mas também dos privilégios e estereótipos masculinos!

\* Segundo cifras oficiais, as violações com objetivos militares dêrom-se em todas as guerras dos últimos anos: na ex Jugoslávia, Camboja, Sri Lanka, Bangladesh, Libéria, Peru, Somália, Moçambique, Sudão e Uganda. Os exemplos que estão incluídos no relatório da «Comissão para os Direitos da Mulher e Igualdade de Oportunidades» do Parlamento Europeu, som os de Berlim de 1945 quando, com a entrada das forças aliadas, os casos de violação aumentárom de 110 a 800.000, de 20 a 50.000 na ex Jugoslávia durante a guerra civil na década de 90 e de 250 a 500 mil na Ruanda em 1994. E todo isto, por suposto, som estimaciones mesmo «oficiais» que, de facto, nom logran representar a realidade do fenómeno. Igualmente, as violações também fôrom durante anos e continuam a sê-lo umha das armas mais poderosas do Estado e o nacionalismo gregos.

**Extrato da brochura antimilitarista *Guerra contra a guerra* polo colectivo de insubmissos ao serviço militar, Xipolito Tagma ('Batalhom Descalço' em Ioánina, Grecia).**



# Epifanías Libertarias Vol. 2

## *Galifornia, Apátrida Galega 2017*



Reproducimos a primeira parte de tres deste artigo, pode- des seguir máis volumes de epifanías libertarias no blogue [iriaboomdias.wixsite.com/epifaniaslibertarias/](http://iriaboomdias.wixsite.com/epifaniaslibertarias/)

«Se queres facelo, amiga, faino» Malandrómeda

Gústanos xogar ao despiste polo que fóra de debullar o acontecido durante o primeiro Congreso Rexional Galaico de agosto de 1922, *Galifornia, Apátrida Galega 2017* conforma unha nova escolma de ausencias, presencias e posibles coincidencias entre Ricardo Mella, José Villaverde e Manoel Antonio como un outro *¡Máis Alá!*. Neste PRESENTE DEMENTE, a incredulidade que nos produce o Fidalgo Sr. OlivoSETO e a DESDINOvida actual incítanos a compartir unha Re-Lectura da Historia na procura dunha guía nalgún dos Faros que Alamparon a Revolución Galega. No ámbito español e, particularmente, no galego, descubrir a verdade de calquera personaxe ou suceso histórico anterior a 1936 constitúe unha ardua tarefa dado que a represión, o medo e o silencio obrigaron á eliminación, esquecemento ou ocultación de todo aquilo que gardase un ápice de subversividade ou *roxerío*. Mais difícil non é sinónimo de imposible e o silencio é factible quebralo.

*Galifornia, Apátrida Galega 2017*: breve travesía documental que ten como porto elucidar a presumible influencia das ideas libertarias de Ricardo Mella en Manoel Antonio, que poderían ter chegado ao mariño ben directamente a través de Mella -dado que coincidiron no tempo en Vigo- ou ben mediante a continuación e divulgación que levou a cabo José Villaverde, pupilo mellano e principal repre-

sentante do anarcosindicalismo en Galicia dende os anos 20 até o seu fusilamento en 1936. A documentación que manexamos até o momento non é suficiente para evidenciar unha relación persoal entre Ricardo Mella e José Villaverde con Manoel Antonio; en troques, esta falta de proba documental non elimina para nós a posibilidade de que a conexión existise e estímúlanos a mergullar máis na súa procura. Ignoramos se Xosé Luís Axeitos ilumina esta cuestión na súa recente biografía *Manuel Antonio: Unha vida en rebeldía* posto que aínda non tivemos o pracer de lela. Pola nosa banda, damos en compartir esta escolma de casualidades co afán de colaborar a revelar o anarquismo manoelantoniano e xunto con el unha parte da historia ácrata galega,

Saúde, Terra, Amor e Rebeldía

Vigo, 25 de Xullo de 2017

### Ricardo Mella e Galicia: o descoñecido mestre

O topógrafo libertario Ricardo [José Clemente] Mella Cea (Vigo, 1861-1925) é un persoeiro por descubrir na súa propia terra dado que non moitas persoas saben que este foi -e continua a ser- un dos teóricos anarquistas máis valorados non só de España, senón en toda a comunidade de fala hispana. No entanto, ao non ser a súa biografía materia deste estudo, eludimos relatar as ignoradas aventuras de Mella dende que en 1883 abandona Vigo obrigado pola condena de desterro até que este volve a esta cidade de xeito definitivo en xaneiro de 1908, despois de vintecinco anos de itinerancia ao longo da Península Ibérica. Logo, en 1908 asenta en Vigo xunto coa súa compañeira Esperanza Serrano Rivero e dez fillas e fillos: Ricardo, Alianza, Alberto, Esperanza, Raúl, Urania, Alba, Flora, Luz, Alicia aos que se unirían despois Mario e Jor-

ge. Desta gran viaxe, a cantidade de asembleas, iniciativas culturais e escritos dos que Mella foi autor ou partícipe, resulta tan vasta coma imposible de cuantificar na súa totalidade. Por iso -dado o paralelismo que garda co pasquín “O Estado” de M. A.- para esta singradura limitámonos a recordar *La ley del número* (Vigo, 1899): crítica anarquista ao sufraxio universal e á falacia do voto parlamentario que comeza: “A la superstición política del derecho divino de los reyes, dice Spencer, ha sucedido la gran superstición política de derecho divino de los parlamentos”, onde Mella demostra como o goberno das maiorías se reduce á vontade dunhas poucas persoas que en realidade se representan a si mesmas ou á súa agrupación política, ao tempo que ofrece unha alternativa libertaria de organización social.

Amencemos en Vigo de 1908 cando Mella regresa á súa cidade chamada polo arquitecto Ramiro Pascual para desenvolver o denominado “Plano de Vigo de 1910”; mais en 1911, tralo transcendental almorzo do 11 de agosto na illa de Toralla onde se establece a sociedade “Tranvías Eléctricos de Vigo S. A.” -que logra executar ao fin a obra- Mella é nomeado xefe do departamento técnico desta empresa. Dous anos despois, en agosto de 1914, o tranvía empeza a rodar en Vigo e Mella ascende de técnico a director-xerente até a súa morte en 1925. Mais non por isto Mella abandona a súa ideoloxía nin a súa actividade xornalística dado que por exemplo entre 1910-1916 foi partícipe e redactor do semanario *Acción Libertaria* —onde achamos a colaboración de Manuel Lustres Rivas (*Acción Libertaria*, 27/01/1911)—, e tamén continuou a súa actividade pública como orador:

**Vigo:** Dió su anunciada conferencia en el Centro de Sociedades Obreras el escritor D. Ricardo Mella. Explicó ideas sobre sociología. Fué muy aplaudido. El próximo martes continuará desarrollando el tema” (*El Progreso*, Lugo, 20/04/1912).

ou dinamizador cultural ao formar parte da xunta directiva do “Recreo Liceo” en calidade de vicepresidente da mesma xunto con Joaquín Nogueira como presidente; e máis adiante, en 1916, como presidente da sociedade “La Oliva”. Con todo, tralo inicio da Gran Guerra (1914-

1918) Mella reduciría as súas colaboracións e tamén a súa actividade; malia que na nosa opinión, o que máis o paralizou foi a morte da súa filla Alba en 1918 (con 17 anos) xunto coa do seu inseparable J. Nogueira en 1920, ao ser este atropelado por un tranvía na Porta do Sol. Pero aínda así seguiu prestando a súa colaboración nos seus últimos anos a iniciativas progresistas da cidade como demostra a súa inicial adhesión en 1921 ao Ateneo de Vigo como presidente da sección de “Estudios sociales y Económicos” (*Vida Gallega*, 25/03/1921), no entanto —grazas a M<sup>a</sup> Jesús Cuesta que achou unha carta inédita— sabemos que, alegando falta de tempo, dimitiría irrevogablemente do seu cargo pouco despois. Ao ano seguinte, en 1922 colabora con José Villaverde cun estudio sobre o estado social en Rusia para unha velada no teatro Tamberlick (“Por los hambrientos de Rusia” en *Faro de Vigo*, 09-10/03/1922) e publica o seu último ensaio coñecido *Doctrina y Combate*. Este estudo sería reeditado en 1923 e por este motivo anunciado na primeira páxina do Galicia: *Diario de Vigo*:

**Un folleto de Ricardo Mella.** En Buenos Aires acaba de fundarse una editorial obrera que se propone publicar (...) una serie de trabajos de conocidos militantes del obrerismo internacional, entre los cuales figuran Malatesta, Mella, Carbó, Fabra Rivas, Kropotkine y Gorki. Inicia su primer trabajo la Editorial Cultura Proletaria, con

un folleto de (...) nuestro buen amigo el notable sociólogo y gran escritor Ricardo Mella, director de la Compañía de Tranvías de Vigo. (...) [que] será leído sin duda alguna por muchos proletarios españoles ya que su autor es querido y admirado en el campo obrero” (Galicia: *Diario de Vigo*, 11/02/1923).

Agora ben, se callar, o acontecemento máis curioso nestes últimos anos de vida, sería o seu derradeiro arresto durante a ditadura de Primo de Rivera, o 11 de agosto de 1924, a raíz dun altercado co ex militar e xefe dos exploradores vigueses, Salvador Jordán y Doré. A detención tan só duraría unha noite, pero os tranvías pararían a súa circulación mentres esta durou e a noticia chegaría —aló menos— até, *El Diario de Pontevedra*, *La Integridad* de Tui, *La Prensa* de Santa Cruz de Tenerife ou *La Voz* de Madrid. Case un ano despois, o 6 de agosto de 1925, Mella morre en Vigo dando lugar a un multitudinario enterro froito do respecto e admiración que a poboación viguesa lle gardaba. Tras esta, J. Villaverde sería o maior divulgador da súa obra ao responsabilizarse da edición e distribución do *Ideario* de Mella.

Pola súa banda, os tranvianos farían unha recadación para entregar á familia e máis para elevar o busto de Asorey que hoxe loce en Pereiró e que supuxo unha continua publicación en prensa até setembro de 1927 do estado de contas baixo o epígrafe “El homenaje a Mella”. Humilde, sinxelo e intelixente persoeiro que

quedaría na memoria de quen o tritou como esa persoa que

Jamás volvió la cara y su mirada escrutó sin temblar el porvenir hermanando las ideas con los sentimientos y los hábitos, a tal punto, que la atracción que ejercía sobre todos los que lo trataban eran como un fluido de las doctrinas de honda ternura humana que no cesó de predicar ni de practicar un momento. A Pontevedra vino el insigne pensador, en donde tuvo como compañero de trabajos en la agencia del ferrocarril de esta ciudad a Carril, al gran periodista ácrata Pepe Prat (...) De entonces data mi intimidad y mi admiración por Ricardo, que acudió como un chico a reuniones de controversia social que los jóvenes republicanos habíamos establecido y en las que no faltó nunca la palabra amorosa y martilleante de Mella. Elevado por su mérito a la Dirección de la empresa industrial más importante de Vigo, su vida no varió y el hombre que se casó civilmente y que no cometió en la persecución, la villanía de transigir llevando a sus hijos a la pila, mantúvose honrado en el triunfo, consagrando su vida con una muerte ejemplar, rodeado del cariño de los que lo conocían y de la simpatía de todos. (Emiliano Iglesias en *La Voz de Menorca* “Diario Republicano”. Mahón, 18/08/1925).

### Sor Presa



## Nengum reconhecimento

Os ratos de biblioteca que foçam entre os documentos alojados no Arquivo de Estado de Roma poderiam descobrir algo bastante bizarro. Num dos cartapácios adicados a Paolo Schicchi encontrariam-se num momento dado com a capa de um número velho de *'L'Adunata dei Refrattari'* —jornal anarquista semanal publicado em Nova Iorque— que leva um burato quadrado no meio da página. ;Eich?! O que é isso? A resposta encontra-se no seguinte papel do cartapácio, um documento da polícia fascista daquela época. *'L'Adunata'* publicara umha foto recente do anarquista siciliano, o qual se encontrava nesse momento dando voltas pola Europa para tramar contra Mussolini. E, dado que nos arquivos das esquadras a foto de Schicchi da qual dispunham era bastante velha, é dizer, de finais do século precedente, exigiu-se a sua imediata duplicaçom. Fôrom impressas, portanto, centenas e centenas de cópias daquela foto (alguns exemplares encontram-se no dito cartapácio) para distribuir entre infiltrados, espias e esbirros do regime espargidos por todo o Velho Continente.

Cousa de tolos! A polícia fascista nom conhecia as façons de Schicchi e

fôrom os mesmos anarquistas quem lhas proporcionárom! Caralho, que erro mais feio! Nom me consta que o arresto de Schicchi em 1930 seja atribuível a dita foto, porém *L'Adunata* podia tê-lo poupado.

Pois, lembro-me sempre deste episódio cada vez que os meus olhos caem sobre a imagem de um companheiro ou companheira reproduzida ou difundida por outros companheiros. Evidentemente, nom estamos na década de vinte, ao ministro de Interior seguramente nom lhe faga falha cortar com tesoura as páginas das publicaçons subversivas. Porém, igualmente evidente é o facto de que nom consigo compreender, inclusive debanando-me os miolos, o sentido de fazer difusom de tal tipo de imagens. Entendo-o no caso de um companheiro morto, cujo rosto de algumha forma dá mais concreçom a umha lembrança que corre o risco de ser demasiado preguiceira. No fundo, confesso-o, é fermoso ver os olhos ardentes de um Gaetano Bresci ou um Severino Di Giovanni. Mas os companheiros e companheiras vivos? Por que propagar os seus traços? É algo que pode compreender-se unicamente no caso de haverem tortu-

ras, quando se quiere dar a conhecer o que se passou (como aconteceu há pouco na Grécia). De outra maneira nom. Nom, e nom só porque me parece umha homenagem insulsa a esta civilizaçom da imagem, umha intrusom na vida de outras pessoas, umha imitaçom das técnicas jornalísticas. Nom estaria de acordo nem sequer se chegassem a pedi-lo os mesmos companheiros representados, cuja vanidade haveria que reexpedir ao remitente. Tanto se estes companheiros se encontram livres ou estão no cárcere. A difusom dos seus traços é um passo em falso. Se nom agora, o será de todas formas no futuro. Porque se estabelece um péssimo costume que, se toma forma, logo será difícil controlar. Se Fulano quiere que a sua foto seja difundida, entom difundimos também a de Mengano. E se Mengano nom quiere, Que raro! Por que nom quiere? Falemos disto!

Nom, nom falaremos disto em absoluto. Enquanto menos circulem as fotos, melhor será. Dito alto e claro: *ninguém pode saber se Fulano, Mengano ou Zutano som os responsáveis desta ou aquela açom, ninguém pode saber se umha testemunha ocular ou aspirante a justiceiro qualquer algumha vez irá parar a umha página de internet ou olhará um jornal do movimento.* Nom importa que aquelas fotos apareçeram já nalgum outro lugar, em meios de informaçom que tenham umha difusom muito mais ampla. Nem que tenham que ver com companheiros e companheiras que se encontram a miles de quilómetros de distância. Nom tem sentido incre-

mentar as probabilidades de um reconhecimento facial. Se há dúvidas, é melhor evitá-lo. Sempre e qualquer que seja o caso. Polo método *a priori*, nom polo cálculo *a posteriori*.

O amor e o respeito cara os e as companheiras nascem do que som, nom de como se lhes ve. Nom fai falha (fazer) saber se som altas ou baixos, moços ou velhas, fracas ou gordos, loiros ou morenas. Deixemos este tipo de curiosidade para as pessoas mortas, para aquelas que nom correm o risco de que os seus rostos sejam desvendados frente a repressom polos seus mesmos companheiros. Quem se encontra atormentado por semelhante curiosidade também respecto aos vivos, que se vaia a buscar o prazer em privado com os meios de comunicaçom de massas. Mas, por favor, nom criemos iconografias do movimento se nom queremos correr o risco de que um dia no-lo agradeçam infiltrados, espias e esbirros de todo tipo.

**Finimondo.org**



# Breves

## Santiago Maldonado, compañeiro anarquista, desaparece en mans da Xendarmería arxentina.

O 1 de agosto de 2017 a xendarmería achandou con brutal violencia o Lof de Resistencia Mapuche de Cushamen. Este territorio, orixinario do pobo mapuche, lles foi arrebatado polo goberno para poñelo a disposición do capitalismo e a devastación.

Calquera tipo de devastación lles serve de negocio: a talla forestal, a extracción de petróleo, as centrais hidroeléctricas, as infinitas hectáreas de cultivos transxénicos, ou como neste caso: a explotación animal.

A Xendarmería entrou na comunidade agredindo á xente e queimando as súas pertenzas. Algunha xente cruzou o río para escapar e varias persoas declaran ver como pegaban e levaban a alguén nunha camioneta. Desde entón non se sabe nada de Santiago Maldonado.

Esta violación non é un caso illado: ocorreu no mesmo Lof o xaneiro pasado e forma parte da cotidianidade do pobo mapuche e de tódalas comunidades indíxenas, que resisten e afrontan cada día o hostigamento físico e psicolóxico por parte das forzas de estado.

## Chora et labora

Aforra, aforra, aforra que chega o inverno ao país dos pelingrins, aforra como a formiga da fábula traballando pra o duro inverno no paro, no paro? Que paro?

Trabalhas tudos os días um mínimo de 8h, a tua media jornada, que pom no contrato, (sim, dá-te cum canto nos dentes, iste ano tes contrato, pra que cotices á SS, que maja x jefx iste ano), nom tes fería ninguma em agosto, ja che di x jefx i algum compi que assim aforras mais ( que currinhx x jefx outra vez, sempre preocupando-se do meu benestar, e sob tudo de que nom me falte choio), aforras mais claro que sim, que pra isso trabalhas no vrao, pra aforrar quando nom haxa curro na tempada invernal, pra isso trabalhas, nom pra o paro que nom vas cobrar por aceitar, e ja vai um ano mais... um curro de merda.

Aforra, aforra, aforra pra sobreviver, que nom viver, estira as propinas porque as

horas extras tampouco chas vam pagar, i as propinas iste ano xs camareirxs reparatenas com cozinha, i x jefx nom mete mao ne-las, assim que estira isse extra laboral.

Aforra, aforra, aforra como clave da tua vida, da vida de miles de pessoas nom so agora, senom na historia, aforra, aforra, aforra di a formiga da fábula e ninguem nos contou que chega o inverno e a formiga afoga, porque no inverno vai frío e chove, e tes que pagar recibos no país dos pelingrins que agora e o país de estudantes, a nom aforraches suficiente porque o traballo é esclavitude, i agora es livre pero moi probe i afogas na burocracia do inem, das ajudas, e sob tudo na realidade de saber que numos meses voltaras ao miseravel traballo no país dos pilgrims sem afogar axs jefxs na sua propria merda, i outra vez resoara o Aforra Aforra...

**Ulalume Nokurro**

## O esforço

Pôr o pé na praia virgem, agitar o maravilhoso que dorme, sentir o sopro do desconhecido, o estremecimento de umha forma nova: velaqui o necessário. Mais vale o horrível do que o velho. Mais vale deformar do que repetir. Antes destruir do que copiar. Venham os monstros se som novos. O mal é do que imos deixando às nossas costas. A beleza é o mistério que nasce. E o facto sublime, o advento do que jamais existiu, deve verificar-se nas profundidades do nosso ser.

[...]

Saímos das sombras para abraçar-nos na chama; aparecemos para distribuir na nossa substância e ennobrecer as cousas. A nossa missom é sementar os pedaços do nosso corpo e da nossa inteligência; abrir as nossas entranhas para que o nosso génio e o nosso sangue circule pola terra. Existimos em quanto nos damos; negarmo-nos é desvanecermo-nos ignominiosamente. Somos umha promessa, o veículo de intençons insondáveis. Vivemos polos nossos frutos; o único crime é a esterilidade. O nosso esforço enlaça-se com os inumeráveis esforços do espaço e do tempo, e identifica-se com o esforço universal. O nosso berro resoa polos ámbitos sem limite. Ao movermo-nos fazemos tremer os astros. Nem um átomo, nem umha ideia se perde na eternidade. Somos irmaos das pedras da nossa chouça, das árvores sensíveis e dos insetos velozes. Somos irmaos até dos imbecis e dos criminosos, ensaios sem sucesso, filhos fracassados da nai comum. Somos irmaos até da fatalidade que nos esmaga. Ao lutar e ao vencer colaboramos na obra enorme, e também colaboramos ao ser vencidos a dor e o aniquilamento, som também úteis, baixo a guerra interminável e feroz canta umha imensa harmonia.

[...]


**Rafael Barret**

*Extraído do jornal corunhês de orientação anarquista  
«Brazo y cerebro», n.º5, 15 de Julho de 1935.*

Temos alguns livros em preparação.

Aqui um petisco do que temos em mente:

## Lume aos restaurantes



**Lume aos restaurantes** é, em primer lugar, umha crítica ao trabalho assalariado no setor da hotelaria desde o ponto de vista de alguém que trabalhou no devandito setor. Neste sentido, é o relato de umha experiência mui próxima. Nom só porque, a pesar de algunhas diferenças, quase todos os trabalhos som tremendamente semelhantes de umha ou outra forma, senom porque, ademais, a maioria de nós trabalhamos algunha vez, ou continuamos trabalhando, como camareiros ou noutros curros relacionados com a hotelaria. Mas Lume aos restaurantes é muito mais porque, ante todo, é umha crítica global e radical do capitalismo tal e como se apresenta na hotelaria. Sem abandonar nunca o ruidoso e estressante ambiente do típico bar ou restaurante, seremos testemunhas da formaçom da classe operária, do processo de produçom transformado em simples instrumento da produçom de lucro para o empresário, e de como este mesmo processo fomenta as divisons e as luitas entre os trabalhadores. Mas, o que é máis importante, sentiremos como, pésie a todo, o simples feito de trabalhar juntos pode promover a criaçom de cumplicidades e luitas contra o trabalho, e que as bromas no curro podem ser o primeiro passo cara a uniom e a solidariedade.

À fim e ao cabo, a luita dos trabalhadores dos restaurantes só tem sentido se se transforma numha luita por um mundo sem trabalhadores nem restaurantes.

*«Nós os perturbadores, os que nos levantamos todos os dias a trabalhar de boa hora, um dia, também de boa hora, no canto de ir à fatoria, iremos com os que trabalham a colher o que nos pertence.»*

**Durruti, carta desde o penal de Puerto Cabras (1932)**

Extrato da ediçom da editorial Klinamen (Março 2008)

### Outras ediçons próximas:

- Okupaçom na Galiza.
- A revoluçom desconhecida de Volin.
- O mostro da vivenda de prole.info.

# Ardora

(s)ediçons anarquistas